

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E O CONSORCIO AEROESPACIAL GALLEGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN, DIFUSIÓN E DIVULGACIÓN DO SECTOR AEROESPACIAL DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

DECLÁRASE:

Que a Consellería de Economía e Industria ten previsto formalizar coa Asociación Consorcio Aeroespacial Gallego o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 31/07/2025 ata o 31/12/2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- Regular as condicións da colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Consorcio Aeroespacial Gallego para desenvolver as actividades de promoción, difusión e divulgación do sector aeroespacial de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

- Desde a súa creación, o Consorcio Aeroespacial Gallego (CAG) foise consolidando como un actor clave na realización de actividades de promoción, difusión e divulgación do sector aeroespacial galego a través de actuacións como a organización do Congreso Internacional Aeroespacial do cal xa se celebraron seis edicións e están a preparar a sétima neste ano 2025. Ademais, ven actuando como coordinador da asistencia das entidades do sector aeroespacial galego que teñen



presencia en eventos internacionais como Xponential Europa , o maior punto de encontro da industria dos vehículos non tripulados e a robótica en Europa, ou Xponential EE.UU., que é o evento de maior importancia a nivel mundial no ámbito da industria dos sistemas non tripulados. Ademais, as entidades que conforman o sector da industria aeroespacial galega amosaron o seu interese en asistir aos mencionados eventos co obxectivo de impulsar ese sector industrial.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria na data indicada na sinatura dixital.

A Directora Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

P.A. (Orde do 04.11.2024, DOG núm. 217, do 11.11.2024, artigo 12.d)

O Secretario Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético

